



Solicitud de subvencions para Deportistas Individuais 2020

O prazo de solicitude é do 19 de agosto ao 8 de setembro de 2020.

O prazo de xustificación finaliza o 30 de novembro de 2020.

Quen pode presentar unha solicitude

Poderán solicitar subvencions os deportistas do Concello de Bergondo que, cumprindo ó prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencions de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado no Concello de Bergondo cunha antigüidade de, polo menos, dous anos consecutivos, no momento da solicitude.
- Estar en posesión de licenza deportiva, expedida pola federación correspondente, no momento da solicitude.
- Acreditar o nivel deportivo na especialidade, polo menos, correspondente ó ano anterior ó da solicitude.
- Competir, no ano da solicitude, en eventos/probas deportivas de relevancia autonómica, nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencions (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions).
- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, así como dispor de estrutura suficiente que garante o cumprimento dos seus obxectivos.
- Encontrarse ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Bergondo, e con calquera outra administración.
- De ser o caso, ter xustificadas as subvencions recibidas con anterioridade polo Concello de Bergondo.

Como e onde facer o proceso

- **VÍA TELEMÁTICA** (vía preferente)

A través do botón "Iniciar Trámite", neste enlace:

[Sede electrónica Bergondo - Solicitud de subvencions para Deportistas Individuais 2020](#)

Xunto coa presentación telemática será necesario presentar a documentación debidamente cumprimentada que figura no apartado "Documentación".

- **VÍA PRESENCIAL** (en papel). Hai dúas opcións:

- **Opción 1.** Con asesoramento previo por parte da área de Deportes do Concello de Bergondo. **IMPORTANTE:** solicitar cita previa por unha das seguintes vías, e acudir á cita coa documentación requirida (ver apartado "Documentación").

- por correo electrónico: cultura.deportes@bergondo.gal

- por teléfono 981 791 252 extensión 4.

- ou neste [enlace](#)

- **Opción 2.** Sen asesoramento. Acudir directamente ó Rexistro Xeral coa documentación requirida (ver apartado "Documentación"). **IMPORTANTE:** solicitar cita previa:

- por correo electrónico: registro@bergondo.gal

- por teléfono: 981 791 252, extensión 9

- ou no enlace: [enlace](#)

Documentación

- **Anexo I. SOLICITUDE.** Se fai a solicitude pola vía telemática, lembre descargalo, e cubriilo, antes de anexalo.
- **Anexo II. ALTA DE DATOS DE TERCEIROS .** So necesario se hai cambios respecto dos presentados con anterioridade. Se fai a solicitude pola vía telemática, lembre descargalo, e cubriilo, antes de anexalo.
- Fotocopia do DNI e, no caso de ser necesario, documento que acredite a representación legal.
- Fotocopia da licenza federativa do ano 2020.
- Certificado acreditativo ou nº do DOG ou BOE da condición de deportistas de alto nivel galego ou nacional.
- Certificado da federación de estar nalgún centro ou programa de tecnificación autonómico ou nacional no ano 2020.
- Deberá presentarse un certificado da federación sobre a participación en competicións oficiais, asistencia a xornadas de tecnificación, ou concentracións de selección autonómica e/ou nacional, no que se recolla: lugares de competicións/concentracións, datas e resultados acadados no ano 2019 e ou 2020.